

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 16 DE DECEMBRO DE 2021

### ASISTENTES

**Presidenta, coordinadora de calidade, enlace de igualdade e coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade**

Reboreda Morillo, Susana

**Secretario accidental**

Prada Rodríguez, Julio

**Coordinador do Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural**

Pérez Losada, Fermín

**PDI**

Barriocanal López, Yolanda

López Díaz, María (A.V.)

**Alumnado**

Lucía Domínguez Carrera

**Membros da sociedade**

Díaz Naya, Rosa María (A.V.)

**DESCULPAN AUSENCIA**

**Coordinadora de Grao**

Vaquero Díaz, Beatriz

**PDI**

Comendador Rey, Beatriz

**PAS**

Rodríguez Bouzas, Josefa

(colaboradora de calidade)

**Membros da sociedade**

Campos Seijo, Francisco B.

A comisión realízase de xeito presencial na Sala do Profesorado (Edificio de Facultades) e de xeito virtual mediante o Campus Remoto na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o xoves 16 de decembro de 2021, ás 12.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 5 de novembro de 2021.
- 2.- Informe da presidenta.
- 3.- Validación, se procede, do Informe de coordinación do mestrado correspondente ao curso 2020/21.
- 4.- Validación, se procede, do informe do PAT do mestrado correspondente ao curso 2020/21.
- 5.- Rolda de intervencións.

A decana dá lectura aos nomes dos membros da Comisión de Calidade que asisten presencial e virtualmente e dos que desculpan a súa ausencia á sesión e que se relacionan á marxe desta acta.

## **1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 5 de novembro de 2021.**

Apróbase a acta por asentimento dos presentes.

## **2.- Informe da presidenta.**

A decana comeza a súa intervención dando a benvida a Dona Lucía Domínguez Carrera, representante do alumnado, agradecendo a celeridade na renovación dos postos vacantes nas diferentes comisións. A continuación, explica a grandes trazos o funcionamento e as atribucións da comisión de calidade. Lembra que xa está aberto o calendario para a celebración de eleccións ao decanato e que estas celebraranse finalmente o 31 de xaneiro de 2022, animando á presentación de candidaturas.

A continuación comenta os documentos adxuntos á convocatoria, explicando que pola súa natureza non son obxecto de validación pola comisión. Comenta, en primeiro termo, o informe de resultados da avaliación docente da titulación e aclara que este é o resultado das medias dos diferentes tems, expresando a súa satisfacción polos bos resultados obtidos, malia o cal chama a atención sobre a escasa participación do alumnado, que se aproxima ao 31% no caso do Grao, pero que non chega ao 12% no caso do Mestrado en Valoración, Xestión e protección do patrimonio cultural. Neste punto intervén o coordinador deste último, D. Fermín Pérez Losada, para expoñer as dificultades para lograr un incremento da participación do alumnado, entre outras razóns polo feito de impartirse on-line. A decana lembra, asemade, que non se dispón do informe relativo ao mestrado interuniversitario de Arqueoloxía, xa que a xestión administrativa do mesmo corresponde á Universidade de Santiago.

A seguir, comenta o informe do programa de avaliación da actividade docente, explicando o seu significado e aclarando que, dada a súa natureza voluntaria, só se presentou un docente que é membro do Departamento, pero non do Centro, obtendo a cualificación de «moi favorable». Finalmente, comenta o informe de identificación das necesidades do PAS do Centro, aclarando que foi elaborado polo xefe de equipo Juan José Salgado González por delegación da administradora de Campus e insistindo en que a comisión de calidade non ten

capacidade para intervir nos diferentes aspectos que o conforman.

### **3.- Validación, se procede, do Informe de coordinación do Mestrado en Valoración, Xestión e protección do patrimonio cultural correspondente ao curso 2020/21.**

A decana lembra que este documento xa se enviou coa convocatoria e invita a tomar a palabra ao coordinador do mesmo, D. Fermín Pérez Losada, que explica que a actual situación da pandemia apenas tivo incidencia no desenvolvemento do mestrado pola súa natureza non presencial, afectando unicamente á materia de Prácticas pero que estas puideron realizarse con normalidade grazas á flexibilización e ás facilidades outorgadas ao alumnado. Engade que foi atendida unha das peticións máis demandadas por este, cal era a dunha sesión na que se lle explicasen as posibles liñas e exemplos prácticos de realización de traballos de fin de mestrado. Porén, fai notar que se ben tradicionalmente a porcentaxe de TFM defendidos xa era baixa con relación aos matriculados, neste pasado curso esta porcentaxe aínda foi menor malia a celebración da sesión apuntada. A profesora Susana Reboreda incide na necesidade de realizar unha charla de orientación sobre saídas profesionais, lembrando a disposición da Área de Emprego neste punto e a utilidade e adaptación das mesmas ás diferentes titulacións, sen esquecer o feito de que estas iniciativas son obrigatorias no caso dos Mestrados.

Apróbbase por asentimento.

### **4.- Validación, se procede do Informe do PAT do Mestrado en Valoración, Xestión e protección do patrimonio cultural correspondente ao curso 2020/21.**

A decana lembra que este documento xa se enviou coa convocatoria e que foi redactado polo profesor D. Adolfo Fernández Fernández, que non é membro da comisión de calidade. Fai referencia, asemade, ao escrito dirixido á Xunta de Centro polo profesor Domingo Rodríguez Teijeiro, coordinador de Prácticas no devandito mestrado, que, en esencia, revela a necesidade de establecer unha canle de comunicación máis fluída entre as persoas implicadas e a Comisión Académica do Mestrado (CAM), o coordinador do mesmo ou a persoa responsable do PAT. D. Fermín Pérez Losada insiste en que o responsable do PAT limitouse a reflectir no documento as queixas formuladas e as accións desenvoltas e a comunicar as mesmas á CAM. Neste punto intervéñ a profesora Dona María López para manifestar o seu acordo co exposto pola decana e insistir en que é necesaria esa comunicación fluída para garantir o cumprimento dos obxectivos que se perseguen co PAT, xa que do contrario o

único que se fai é xerar unha evidencia sen resolver as disfuncións ou problemas que poidan producirse.

Apróbase por asentimento.

## 5.- Rolda de intervencións.

Non se producen

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.04 horas do día 16 de decembro de 2021, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace da decana.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro